



Concello de Cuntis

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CUNTIS E A ENTIDADE

“ESCUDERÍA CUNTIS VILA TERMAL”

Reunidos.

Dunha parte, D. MANUEL CAMPOS VELAY, Alcalde-Presidente do Concello de Cuntis, con D.N.I. nº 76820810M que conforme ás atribucións que lle confire o artigo 21.1.f) da Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local, intervén con capacidade plena para a firma do presente Convenio.

Doutra parte, D. DAVID CALVO COSTA, con D.N.I. 77400940Y en calidade de Presidente da entidade Escudería Cuntis V.T, con N.I.F G - 94150026, e domicilio social en Circunvalación Don Aurelio, 72, Baixo (Cuntis).

E actuando DONA ROSA MARÍA PÉREZ GRADAÍLLE, con DNI núm. 33998943K, en calidade de Secretaria do Concello de Cuntis (Pontevedra), dando fe aos exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 letra “i” do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo.

Tódalas partes se recoñecen mutuamente, na calidade na que interveñen, con capacidade e competencia suficiente para subscribir o presente Convenio de Colaboración:

EXPOÑEN

1º. Que as Entidades Locais, en canto Administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con entidades privadas, en base ao disposto no artigo 57 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local e ao artigo 48.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

2º. Que no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións provese a posibilidade de concesión de forma directa das subvencións nominativas previstas nos orzamentos das entidades locais.

3º.- Que no artigo 28 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións configúrase o Convenio como instrumento habitual para canalizar as subvencións nominativas previstas nos orzamentos das entidades locais.

4º. Que o Concello de Cuntis ten entre as súas competencias a acción de fomento do deporte e da organización de actividades deportivas e lúdico-deportivas.

5º. Que no anexo de subvencións do orzamento do Concello de Cuntis para o exercicio de **2024** prevese unha subvención nominativa a favor da **ESCUDERÍA CUNTIS VILA TERMAL** para os gastos subvencionables inherentes ao seu obxecto social, **por importe de 14.000,00 €**

En base a todo o que se acaba de expoñer, ámbalas dúas partes subscriben o presente Convenio de Colaboración para establecer as obrigas e dereitos de cada unha delas segundo as seguintes

CLÁUSULAS

PRELIMINAR: Documentación previa.

A entidade beneficiaria da subvención presentará previamente á firma do presente convenio a seguinte documentación:

- Certificación do Órgano de Goberno da entidade beneficiaria.



Concello de Cuntis

- Relación das subvencións solicitadas e/ou concedidas por outras entidades, públicas ou privadas para a mesma finalidade, indicando contía e concepto. (Anexo I)
- Declaración responsable de atoparse ao corrente coas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social. (Anexo I)
- Declaración responsable de non estar en ningún suposto de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de subvencións ou axudas públicas. (Anexo I)
- Orzamento de ingresos e gastos desde o **01 de novembro de 2022** ata o **31 de outubro de 2024**, referidos á actividade subvencionable.
- Certificación da entidade financeira de designación de número de conta bancaria.

Dita documentación presentarase obrigatoriamente por vía electrónica a través de Instancia Xeral dispoñible na sede electrónica do Concello de Cuntis (<https://concellodecuntis.sedelectronica.gal>) de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Así como calquera outro trámite que se xere a raíz desta subvención.

PRIMEIRA: Finalidade.

Que a finalidade do presente Convenio é a regulación do outorgamento dunha subvención nominativa prevista no anexo de subvencións do orzamento para o exercicio 2024 polo Concello de Cuntis.

SEGUNDA: Actividades subvencionables.

Consideraranse gastos a subvencionar de acordo cos fins recollidos no presente convenio, aqueles gastos que resulten inherentes ao desenvolvemento da actividade na que se basea a concesión da axuda, que sexan imprescindibles para o cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención.

Non serán gastos subvencionables os intereses debedores de contas bancarias, os impostos, taxas, recargas e sancións administrativas ou penais, e os gastos de procedementos xudiciais. Exclúense tamén os gastos de investimento non mencionados anteriormente, as **comidas e as atencións protocolarias**.

Que a actividade subvencionada consiste en realizar os pagos de premios en metálico do Rallymix Cuntis Vila Termal, así como calquera outro gasto que, de maneira indubitada, responda á natureza da actividade subvencionada, se leve esta a cabo ou non.

En ningún caso se admitirán gastos que non estean directamente afectos ou relacionados coa actividade subvencionada.

TERCEIRA: Cantidade.

O Concello de Cuntis comprométese a aportar a cantidade de **14.000,00€** con carácter pospagable, debendo inescusablemente xustificarse con posterioridade nos termos que se especifican máis adiante no presente Convenio. Esta cantidade será aboada nunha conta aberta en entidade financeira a nome da entidade/asociación beneficiaria. Cando por razóns de índole técnica, administrativa ou outras debidamente xustificadas a apertura da devandita conta sexa



Concello de Cuntis

imposible, poderá aboarse a cantidade nunha conta bancaria aberta ao efecto por alomenos dous membros da Entidade beneficiaria.

A subvención outorgada polo Concello é compatible con outras axudas, ingresos ou recursos públicos ou privados para a mesma finalidade. Neste caso na xustificación da subvención deberá acreditarse o importe, procedencia e aplicacións dos fondos percibidos para a actividade subvencionada.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade subvencionada.

CUARTA: Vixencia

O presente Convenio de colaboración terá vixencia ata o remate de todo o procedemento de fiscalización da xustificación da aplicación dos fondos percibidos en concepto de subvención e a aprobación da conta xustificativa presentada pola entidade beneficiaria.

QUINTA: Gastos subvencionables.

Considéranse gastos que se poden subvencionar aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, definida na cláusula segunda deste convenio, e que se realicen no prazo establecido.

SEXTA: Gasto realizado.

Segundo o establecido no artigo 31.2 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, entenderase gasto realizado o que fose efectivamente pagado pola entidade beneficiaria da subvención con anterioridade á finalización do período de xustificación.

SÉTIMA: Obrigas.

1. - Cumprir os obxectivos e a correcta execución das actividades para as que se concede a subvención.
2. Coordinarse co Concello de Cuntis coas actividades a desenvolver para que sexan unhas complementarias doutras e non coincidan datas de celebración.
3. Continuar coas actividades propias deste club e a promoción do deporte entre a poboación do municipio.
4. Só serán subvencionadas as actividades realizadas en galego, segundo o disposto na lexislación vixente (disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, e Decreto 173/1982, do 17 de Novembro), e nas normas ortográficas e morfolóxicas aprobadas pola Real Academia Galega na sesión plenaria do día 12 de xullo de 2003). Os proxectos obxecto de subvención respectarán rigorosamente a toponimia oficial de acordo co preceptuado no artigo 10 da citada Lei 3/1983, o 15 de xuño, de normalización lingüística.
5. Dar unha adecuada publicidade de carácter público indicando que a actividade subvencionada conta co financiamento do Concello de Cuntis en tódalas actuacións que deriven da execución do proxecto. En concreto, deberá facerse constar na súa publicidade, incluída a realizada a través de páxinas web e/ou redes sociais, así como en carteis e folletos ou calquera



Concello de Cuntis

outra información que xeren en relación co proxecto subvencionado. Así mesmo, no caso de tratarse dun local, o logo do Concello de Cuntis deberá estar instalado na parte máis exterior de acceso á rúa.

6. Xustificar perante o Concello de Cuntis o cumprimento dos requisitos e condicións que sexan esixibles segundo a normativa aplicable, así como a realización das actividades para as que se concede a subvención.

7. Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan requiridas polos órganos municipais.

8. Comunicar ao Concello de Cuntis a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, antes da xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

9. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente verificados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable, ou no seu caso, os estados contables que garantiren o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

10. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de control e comprobación.

11. Proceder ao reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

OITAVA: Xustificación.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos na concesión da subvención documentarase a través da rendición da conta xustificativa, que constitúe un acto obrigatorio da entidade beneficiaria, no que se deben incluír, baixo a responsabilidade da persoa declarante, os xustificantes do gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

Polo tanto, deberase aportar a seguinte documentación xustificativa:

1. Relación e achega de facturas regulamentarias (con todos os requisitos esixidos polo R.D. 1619/2012) ou documentos do valor probatorio equivalente no tráfico mercantil. Ditas facturas deberán estar datadas no período subvencionable e conterán o selo de pagado ou xustificación documental que acredite o seu pago. (Anexo II)
2. Nóminas aboadas ás persoas traballadoras e boletíns de cotización á S.S. (mod. RLC e RNT), de ser o caso.
3. Acta do Xurado coas persoas premiadas e “Recibís” de cada unha das persoas premiadas que recolleron o premio, de ser o caso.
4. Unha memoria na que se declararán as actividades realizadas que foron financiadas coa subvención, e o seu custo, coa desagregación de cada un dos gastos nos que incorra.



Concello de Cuntis

5. Declaración asinada polo responsable da entidade beneficiaria de que a subvención se destinou aos mesmos fins para os que foi solicitada e concedida. (Anexo II)
6. Certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
7. Declaración asinada polo responsable da entidade beneficiaria das subvencións e/ou concedidas para a mesma finalidade. (Anexo II)
8. Deberá quedar suficientemente acreditado que os gastos subvencionados foron efectivamente pagados pola entidade beneficiaria. Neste caso, segundo a Lei 11/2021 de 29 de outubro, non poderán pagarse en efectivo as operacións de importe igual ou superior a 1.000,00 €, polo que o pagamento destas operacións acreditarase co correspondente xustificante de transferencia bancaria.
9. Deberanse xuntar mostras materiais da realización da actividade subvencionada (informe de prensa, disquetes, publicacións, fotografías lexibles, vídeos, gravacións magnetofónicas, etc.) da indicación do financiamento do Concello de Cuntis e do correcto emprego do galego.

A conta xustificativa poderá conter os gastos ocasionados **entre o 1 de novembro de 2022 e o 31 de outubro de 2024**.

A conta xustificativa poderá conter os gastos ocasionados **por mor do abono dos premios outorgados no RallyMix**.

A entidade beneficiaria queda obrigada a acreditar a realización dos proxectos subvencionados e a achegar a documentación xustificativa, a través da sede electrónica do Concello de Cuntis, como máximo, **ata o 31 de outubro do presente ano, sen posibilidade de prórroga**.

NOVENA: Pagamento.

De acordo co previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, faráselle o anticipo de pagamento do 50 % como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención unha vez asinado o presente Convenio. O 50 % restante da subvención aboarase unha vez que se presente a xustificación correctamente.

DÉCIMA: Reintegro.

Procederá o reintegro da subvención sempre que concorran as circunstancias reguladas nos artigos 36 e seguintes da Lei Xeral de Subvencións.

DÉCIMA PRIMEIRA: Réxime de modificación.

A falta de regulación expresa a modificación do contido do convenio requirirá acordo unánime das entidades asinantes.

DÉCIMA SEGUNDA: Infraccións e sancións.

En materia de infraccións e sancións administrativas as partes remítense ao preceptuado nos artigos 52 e seguintes da Lei Xeral de Subvencións.

DÉCIMA TERCEIRA: Natureza administrativa.



Concello de Cuntis

O presente convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións que poidan suscitarse como consecuencia do mesmo.

Pola Entidade,
O Representante

Polo Concello,
O Alcalde

Ante min,
A Secretaria

(Data e sinaturas á marxe)



Concello de Cuntis

A falsificación, ocultación ou inexactitude dos datos declarados poderá dar lugar, no seu caso, ás correspondentes sancións administrativas ou de calquera índole que procedan.

ANEXO I DECLARACIÓN XURADA	
DATOS DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE	
Nome da asociación _____	
CIF asociación _____	
Nome e apelidos representante _____ NIF/DNI/NIE _____	
Enderezo _____ Nº _____ C.P. _____ Localidade _____ Provincia _____	
Enderezo notificación _____	
Tif./Fax _____ Tif. Móbil _____ Correo electrónico _____	
DECLARO	
<ul style="list-style-type: none">A esta Asociación ____ SI / ____ NON se lle concederon outras axudas ou subvencións coa mesma finalidade.	
- Relación de axudas solicitadas:	
Organismos públicos e entidades privadas	Importe
_____	_____
_____	_____
- Relación de axudas concedidas:	
Organismos públicos e entidades privadas	Importe
_____	_____
_____	_____
<ul style="list-style-type: none">Esta Asociación non está en ningún suposto de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de subvencións ou axudas públicas, segundo o artigo 13 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.Esta Asociación está ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ten débedas de ningún tipo co Concello de Cuntis.	

Cuntis, ____ de _____ de 20 ____

(Sinatura)



Concello de Cuntis

A falsificación, ocultación ou inexactitude dos datos declarados poderá dar lugar, no seu caso, ás correspondentes sancións administrativas ou de calquera índole que procedan.

ANEXO II					
CONTA XUSTIFICATIVA DE GASTOS					
D./Dña _____ en calidade de (Presidente/a, Secretario/a, Tesoureiro/a ou representante) _____ da Asociación _____					
DECLARA:					
a) Que para a actividade ou investimento _____ recibiu unha subvención de _____ e realizáronse os gastos que se relacionan na seguinte conta xustificativa:					
Nº	Establecemento	C.I.F.	Nº Factura	Concepto	Importe
1					
2					
3					
4					
5					
6					
7					
8					
9					
10					
11					
12					
13					
14					
15					
16					
17					
18					
19					
20					
21					
22					
TOTAL					
c) Que os gastos que arriba se detallan son reais e aplicáronse á finalidade subvencionada.					
d) Que a esta entidade <u> </u> SI / <u> </u> NON se lle concederon outras axudas ou subvencións coa mesma finalidade.					
Relación de axudas concedidas e/ou solicitadas a outros organismos públicos e entidades privadas pendentes de resolución		euros			
		euros			
		euros			
e) Que o importe das subvencións concedidas das diversas institucións para a actividade/investimento subvencionado non superaron o importe total dos gastos.					
f) Que o custo total da actividade/investimento ascendeu a euros.					
g) Que se fixo a debida divulgación do financiamento do Concello de Cuntis na actividade/investimento subvencionada.					



Concello de Cuntis

....., de de 20.....

Ado.: o/a solicitante/representante

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE